



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS OITENTA E CINCO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA SETE DE MAIO DE DOUS MIL TRECE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás trece horas e trinta e cinco minutos do sete de maio de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luís Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Alicia Martínez González, D. José Angel Lodeiro Cancela, D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro, D. Angel Moldes Martínez, D^a. Celeste Nieto García, D. Juan Jose Rodríguez Grandal, D^a. Consuelo Besada Lores e D. Gregorio L. Agís Gómez. Escusan a non asistencia os concelleiros D^a. M^a Mar Villaverde Rosales e D. Manuel Domíngue Álvarez ; asiste a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez e como secretaria a da Corporación D^a. Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3807.- DESLINDE DOS TERMOS MUNICIPAIS POIO-PONTEVEDRA.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de abril de 2013 que di o seguinte:

“Dáse conta do expediente e da proposta conxunta da Alcaldía e os Voceiros dos Grupos Municipais existentes na Corporación, de data 12 de abril de 2013 que textualmente di o seguinte: ”Con data 8 de outubro de 1993, a Sala do Contencioso Administrativo, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditou a sentenza número 858/1993, recaída no procedemento ordinario número 122/91, promovido polo Concello de Poio contra o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Pontevedra, porque planificaba zonas que pertencían ó termo municipal de Poio, de conformidade co deslinde entre ambos termos municipais xa practicado no ano 1889, estimando o recurso interposto polo Concello de Poio, anulando a orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, da Xunta de Galicia, de 18 de decembro de 1989, polo que se aprobou definitivamente o Proxecto de Revisión e Adaptación do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Pontevedra; anulando dita resolución por ser contraria a dereito no extremo relativo á planificación das zonas de Gamosa, Recuperación e Xunqueira do Bao.

Dita sentenza firme quedou executada nos seus propios termos mediante a Resolución do Secretario Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda de 7 de marzo de 2000 (DOG nº 61 de 28 de marzo de 2000), e vén a confirmar nesa zona , entre o lugar de Bao e a ponte das Correntes e río Alba, a liña de delimitación de termos municipais fixadas o 19 de novembro de 1889, asinada de conformidade

por ambos Concellos.

O 18 de maio de 2011, ten entrada no concello comunicación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral de Administración Local, polo que dando cumprimento ao Auto do referido Tribunal, ditado no procedemento ordinario 4910/1993, se acorda a execución forzosa da sentenza de 21 de decembro de 1995, instanse a dar adecuado trámite ao procedemento de deslinde entre os termos municipais de Poio e Pontevedra.

Tras a emisión dos informes xurídicos preceptivos (informe do asesor xurídico de 4 de xuño de 2012 e de secretaría de 13 de xuño de 2012), o Pleno presta aprobación á designación dos membros da Comisión de deslinde, e nomea como perito integrante da mesma, a D. Justino Guerra Arroyo, técnico que tería emitido o informe de marzo de 1991 sobre fixazón dos marcos número 23, 24, 25, 26, 27 e 28 no deslinde da Xunqueira do Bao que serviu de fundamentación e defensa no recurso contencioso-administrativo interposto polo Concello de Poio que deu lugar a indicada sentenza número 858/1993, ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Fixado de común acordo por ambas Comisións día para a celebración do acto conxunto ao que se refire o art. 42.1º da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, para o 21 de marzo de 2013, procedeuse á convocar e notificar a todos os propietarios afectados polo procedemento de deslinde partindo da información subministrada polo Catastro Inmobiliario e as indicacións do perito Justino Guerra Arroyo.

Realizados dos traballos oportunos pola Comisión de deslinde do Concello de Poio (sesións de 29 de xaneiro, 19 de febreiro, 5,18 e 19 de marzo de 2013), nos que se deu adecuada participación ás dúas persoas designadas por dito órgano colexiado en razón a súa idade e acreditado xuízo, con data 18 de marzo de 2013, ten lugar sesión no que se se pone en común o informe redactado polo perito Justino Guerra Arroyo de 14 de marzo de 2013, tras a visita de inspección e estudo realizada por membros da Comisión e de D. José Rodríguez Couselo ao ámbito territorial non incluído na sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no ano 1993. Informe ao que se adhire o Sr. Rodríguez dende o punto primeiro ao décimo quinto, correspondente ao ámbito do seu coñecer. Pola súa banda, Dª Carmen Esperón Sertal, presta igualmente a súa conformidade aos puntos vixésimo cuarto a vixésimo oitavo do informe pericial, separándose motivadamente nos puntos décimo quinto e décimo sexto.

A Comisión de deslinde do Concello de Poio fixa definitivamente a proposta de deslinde entre os termos municipais de Poio e Pontevedra en sesión celebrada o 19 de marzo de 2013, na que a partir da acta de deslinde que ambas entidades asinaron de común acordo no ano 1889, e a documentación que se ten incorporado ao expediente e ao ditame emitido polo asesor xurídico de 4 de xuño de 2013 que serviu de base para adopción do acordo plenario de 31 de xullo de 2012, fixa como liña entre os termos municipais de Poio e Pontevedra, a reflectida no informe de 18 de marzo de 2013 (fiel reflexo do asinado con data 14 de marzo de 2013 de D. Justino Arroyo Guerra coas correccións efectuadas na sesión da Comisión de 18 de marzo de 2013) polo mesmo perito coa asistencia da enxeñeiro técnico agrícola, Dª Mª Isabel García Domínguez, e cartografía que como anexo achégase á mesma, asinada por D. Javier Cuenca Duyos, vinculado ao concello por un contrato administrativo de servizos.

Con número rexistro de entrada 1364, o 19 de marzo de 2013, Dª Carmen Esperón Sertal presenta e se incorpora ao expediente, plano comprensivo da liña divisoria nos puntos nos que manifestou a súa disconformidade o 18 de marzo de 2013.

Non obstante na mesma sesión, de forma motivada en base ao seu informe de 18 de marzo de 2013, D. Justino Guerra Arroyo, ratifica a ubicación dos puntos 15º e 16º por canto "...existe unha confusión entre as fontes, clarificando a súa ubicación; segundo o seu xuízo, non é nin a fonte do lavadoiro actual nin a que sinala Dª Carmen Esperón ubicada na canle da estrada actual. Desta forma ratifica o punto 24º situado a seis metros da esquina da capela, onde especificaba a acta de 17 de novembro de 1889 a ubicación da referida fonte, acreditándose así a distancia de 270 metros aos que se refería a devandita experta...".

O informe pericial asume e ven a coincidir co xa mencionado informe do mesmo técnico de marzo de 1991, en base ao cal, o Tribunal Superior de Xustiza da Galicia anula o PXOM do Concello de Pontevedra por ter levado a ordenación das zonas de Gamasa, Recuperación e Xunqueira de O Bao.

Realizada sesión conxunta das Comisións de deslinde dos termos municipais de Poio e Pontevedra o 21 de marzo de 2013, existindo unha total diverxencia na fixación da liña divisoria, levántase acta de disconformidade pola Comisión de deslinde Poio.

O 8 de abril de 2013 incorpórase ao expediente informe emitido polo asesor xurídico no que reitera os pronunciamentos realizados no previamente suscrito con data 4 de xuño de 2013, advertindo da obriga de respectar o contido da sentenza de 8 de outubro de 1993, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que goza da eficacia de cousa xulgada material, impedindo volver a entrar a discutir o deslinde na zona de Gamasa, Recuperación e Xunqueira de O Bao.

Máis o traballo efectuado pola Comisión de deslinde reforza dito argumento por partir dos seus fundamentos, limitándose a trasladar á realidade física os puntos aos que se refire a acta de 1889, dado o tempo transcorrido e a humanización do entorno, tanto na zona de Gamasa, Recuperación e Xunqueira de O Bao, como na súa continuidade ata o finalización do termo municipal identificado como punto nº 1 no informe pericial de 18 de marzo de 2013.

En atención ao exposto, non tendo sido realizada alegación ningunha por parte dos propietarios notificados e convocados para o acto desenvolvido o 21 de marzo de 2013, de conformidade coa sentenza número 858/1993 de 8 de outubro de 1993, ditada pola Sala do Contencioso Administrativo, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no procedemento ordinario número 122/91, promovido polo Concello de Poio contra o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Pontevedra, cuxos puntos físicos como liña divisoria entre os termos municipais de Poio e Pontevedra, partindo da acta de 1889, plasma o acordo adoptado pola Comisión de deslinde do Concello de Poio de 19 de marzo de 2013, dando cumprimento á sentenza núm. 927/1995, de 21 de decembro, ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a alcaldía e os voceiros dos grupos municipais existentes na corporación, elevan á consideración do Pleno a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- Prestar aprobación ao acordo adoptado pola Comisión de deslinde do Concello de Poio de 19 de marzo de 2013, e por tanto, ao posteriormente reflectido na acta levantada pola mesma Comisión o 21 de marzo de 2013 de disconformidade coa Comisión de deslinde do Concello de Pontevedra, na fixación dos límites dos termos municipais de Poio e Pontevedra, e así:

- O deslinde deberá rexerse pola acta de deslinde que os Concellos de Poio e Pontevedra asinaron con data 19 de novembro de 1889, por ser a única que subscribiron voluntaria e de común acordo ambas entidades locais.
- O límite de liña entre ambos termos municipais é a que reflicte no seu informe de 18 de marzo de 2013, o perito designado polo Concello de Poio, D. Justino Guerra Arroyo, asistido pola enxeñeiro técnico agrícola, Dª Mª Isabel García Domínguez, e cartografía que como anexo achégase ao mesmo, asinada por D.

Javier Cuenca Duyos, vinculado ao concello por un contrato administrativo de servizos. Informe ao que prestou conformidade no ámbito do seu coñecer, puntos 1º a 15º por ser éste último o que delimita as parroquias de San Xoán e San Salvador, D. José Rodríguez Couselo, experto nomeado pola Comisión de Deslinde do Concello de Poio; e de forma parcial, puntos 24º a 26º da acta de deslinde do 19 de novembro de 1889 (puntos 17º a 22º do informe pericial), a igualmente experta no ámbito do seu xuízo, Dª Carmen Esperón Sertal. Dito informe recoñece como límite de liña os puntos seguintes:

"...

1º.- Iniciamos el deslinde en un piedra que tiene un hierro clavado Cruz de Piedra, situado al Nor-Oeste del hito o vértice geodésico existente y a unos 110 m. del mismo; siendo las coordenadas del punto.

X.- 524695,45 Y.-4.703.528,67

Y las coordenadas de Vértice Geodésico

X.- 524.798,25 Y.- 4.703337,81

2º.- A la distancia de 340 m. en línea recta situamos este punto en la esquina que define una finca de la Comunidad de Meis cuyo cortafuego es muy definido, siendo sus coordenadas

X.- 524.979,09 Y.- 4.703.382,03

3º.- A 405 m. del punto anterior fin del lindero Sur de la anterior finca de Meis situamos este punto con coordenadas

X.- 525.636,09 Y.- 4.703.251,22

4º.- Cambiando de rumbo en dirección Sur y a 103 m entre las casetas del repetidor emisora de Taelpo se situó este punto en un piedra con dos cruces. Coordenadas

X.- 525.369,69 Y.- 4.703.145,91

5º.- En dirección Sur a 230 m. se sitúa este puntos en unas piedras en el Otero del alto del Castrove coincidente con el delimitado por el Instituto Geográfico en 1.947 Coordenadas

X.-525.334,70 Y.- 4.702.894,25

6º.- Desde el anterior vamos a la Piedra dos Cabalos, también conocido como Outeiro dos Corvos situado a unos m., de las casetas o punto 4; este punto lo manifiesta el presidente de Campañó pero lo deniegan los de San Juan; según el acta de 1.889 la línea no hace fuertes quiebros, tampoco se manifiesta este quiebro en el deslinde realizado por el Instituto Geográfico por lo que solamente se señala el punto como punto auxiliar; es una piedra de grandes dimensiones donde no se aprecia ninguna señal, con coordenadas

X.-525.379,47 Y.- 4.702.614,86

7º.- A 265m. del punto 5º nos desplazamos a un grupo de piedras denominadas Retacoba donde situamos el punto con coordenadas

X.- 525.582,29 Y.- 4.702.729,99

8º.- De las piedras de Retacoba nos trasladamos al Outeiro de Picón de dicho Outeiro l hay dos opiniones puesto que hay dos grupos de piedras separadas unos 90 m, tomamos la que nos manifiesta un vecino de Poio que coincide además con el deslinde del Geográfico de 1.947; este punto está a 625 m en línea recta del punto anterior. En este punto se inicia el deslinde parroquial de 1.763. Coordenadas

X.- 526.129,90 Y.- 4.702.429,35

9º.- Desde el Outeiro de Picón y en línea recta nos desplazamos hasta la carretera de Campañó situando el punto en el vértice Sur-Oeste del depósito existente, este punto dista del anterior 695 m.; entre ambos puntos se mencionó otro intermedio denominado Canle Do Foxo donde al parecer existía una piedra con una marca que no localizamos. Coordenadas del punto 9

X.- 526.592,51 Y.- 4.701.909,58

10º.- Nos trasladamos a un punto denominado Novaliño o Pozo do Porto Cabaleiro, sito en la carretera que une el Cabaleiro con Vilariño, pasando la divisoria, justo por la casa de D. Cándido Casas Barral, identificada en el Catastro de Poio, como la parcela 1.841 del polígono 34; según el Catastro, esta

finca con vivienda está en Poio, sin embargo el permiso de obras, fue dado por el Ayuntamiento de Pontevedra y según la divisoria que trazamos efectivamente la casa está en dicho ayuntamiento. El punto se encuentra a 644 m. de la esquina del depósito anterior. Coordenadas

X.- 527.028,99 Y.-4.701.441,00

11°.- Desde Novaliño atravesamos un monte del lugar de Porto y el alto de Campañó llegando como punto más definido a la carretera antigua de Campañó a Poio y el nuevo vial existente Vía rápida VG4.1 que vine del Cruce de Alba y la Carretera de Pontevedra a Sanxenxo, colocando el punto, en el muro que divide una propiedad sita entre ambas carreteras y situada a unos 70 m al Oeste del depósito de Butano. Entre los puntos 10 y 11, existen según los informadores, otros dos puntos intermedios del deslinde en el monte que llaman Porto y Alto de Campañó, pero al no localizarlos, pues solamente se encontró una piedra tirada, que pudiera ser el marco, pero al no ser significativa se anuló, por lo que prudentemente se unen en una recta, ambos puntos situados a 600 m. Coordenadas del punto

X.- 527378,19 Y.- 4.700.959,39

12°.- Del anterior punto, y con alineación sensiblemente recta, con los puntos anteriores, atravesamos el monte de Galdrachan, hasta la Cantera de Perico o Pinar do Rei, intermedio encontramos otro marco tumbado y fuera de sitio, el cual tiene unas iniciales PI 9 y en otro lado PI, tampoco se posiciona por no ser seguro su emplazamiento, entre ambos puntos hay una distancia de 570 m.

Coordenadas del punto 12

X.- 527.740,80 Y.- 4.700.519,22

13°.- La divisoria sigue hasta la Piedra de La Campana, gran roca con una cruz en ella, existiendo otra cruz en una roca inferior, junto a la misma; esta roca coincide con el punto 26 del deslinde de 1.948. Coordenadas

X.- 527.794,52 Y.- 4.700.318,87

14°.- A 189 m de la Roca da Campaña está el punto denominado Montecelo en dirección Sur y se sitúa en otra piedra en lo alto del otero, esa piedra tiene gravada una cruz y al lado otra piedra donde pone Campañó con pintura amarilla. Coordenadas

X.- 527.830,25 Y.- 4.700.139,00

15°.- Punto denominado Tombo do Marco e Marco do Coto, punto equivalente al nº 19 del acta de deslinde de 1889 a 670 m. del anterior en la esquina Sur-Este de una finca grande pues tiene 5,4 Has., identificada como la finca 1.052, del polígono 35 de Poio, Esta piedra tiene 1,10 de alto con inscripción en tres lados PG-PP – Campañó. También coincide este punto con el señalado en el acta de 1763. Sus Coordenadas

X.- 528.084,89 Y.- 4.699.526,36

16°.- Desde el anterior, nos dirigimos a la fuente y lavadero situado en la carretera que de la Caeira va a la de Villagarcía en el Bao, esta línea pasa sobre una construcción que es el Centro Social del Bao y situada encima del lavadero y fuente allí existente, la línea hace un ligero arco cóncavo hacia Poio, la distancia en línea recta hasta el punto 15 es de 661 m..Coordenadas

X.- 528.707.48 Y.-4.699.293,44

17°.- Situado este punto en una normal de 6.0 m al Sur de la antigua capilla o santuario de la finca del Bao (coincidente con el punto 24 del deslinde de 1889) pasando la divisoria por el cauce que define el Sur del polígono industrial allí existente la distancia entre lavadero y esquina de la capilla es de 130 m. Coordenadas

X.- 528.837,26 Y.- 4.699.301,94

18°.- En la misma dirección y a 56 m hasta un camino de Poio a la antigua junquera Coordenadas

X.- 528.889,63 Y.- 4.699.300,63

19°.- A 56 m se sitúa el punto 19 coincidente con el punto 25 del deslinde del 38. Coordenadas

X.- 528.929,85 Y.-4.699.270,57

20°.- Este punto, ya no es reconocible en el terreno puesto que por diversas actuaciones

administrativas, se ha variado totalmente la topografía del terreno entre carreteras, autopista y rellenos, por lo que se considera debe reflejarse lo que se manifiesta en el informe realizado en 1.993, que nos adentramos en unas parcelas denominadas Agros da Riveira hoy desaparecidas, situadas aproximadamente al norte de la rotonda de la carretera a Villagarcía siendo la distancia en línea recta desde el punto anterior de 110 m y las coordenadas

X.- 529.003,49 Y.- 4.699.353,00

21º.- Desde la anterior, atravesando la Autopista y a unos 118 m. se sitúa otro punto, junto a un camino actual que va al puente denominado de las cabras. Coordenadas

X.- 529.121,43 Y.-4.699.318,62

22º.- Por último, la alineación va al puente de las corrientes, situado sobre la antigua Piedra Pinela a 714 m del anterior Desde este punto la divisoria de acuerdo con el acta de 1889 pasa al centro de la Ría hasta el lugar de Estrivela....”.

• Para os efectos de xustificar o seu parecer, o Pleno do Concello de Poio, achega o como documentación que se une ao presente acordo:

1. Acta de deslinde entre os termos municipais de Poio e Pontevedra de 19 de novembro de 1889.

2. Traballos topográficos do Instituto Xeográfico de 1947.

3. Acta de delimitación das parroquias de 1763, realizada polo párroco de Campañó e Prior do Monasterio de San Xoán de Poio

4. Informe pericial asinado polo perito D. Justino Guerra Arroyo de 8 de marzo de 1991 ao que se une como Anexos:

- Plano realizado pola Compañía executora do ferrocarril Pontevedra-Carril no ano 1899 baixo a denominación "CROQUIS DE LOS CAMINOS, VEREDAS Y SENDAS INTERCEPTADOS POR EL FERROCARRIL DE PONTEVEDRA A CARRIL EN EL TERMINO MUNICIPAL DE POIO"

- Certificación do Rexistro da Propiedade nº 1 de Pontevedra de 17 de xaneiro de 1991. das fincas "LA CAEIRA", "CERÁMICA DE LA CAEIRA" y del "PARQUE Y TALLERES DE RECUPERACIÓN DEL EJÉRCITO".

- Estudo de D. Sebastián González García-Paz, con fotografías e copias dos documentos orixinais do Arquivo de Simancas.

- Plano do 1896 do enxeñeiro D. León Domercq, do proxecto de estrada da Ponte do Burgo ao da Barca.

- Fotografías Aéreas antigas e actuais da Xunqueira do Vao.

- Cartel editado polo Concello de Pontevedra sobre un dos debuxos do estudo realizado por D. Sebastián González García-Paz.

- Plano da zona de O Vao entre os puntos 24 a 28 do acta de deslinde de 19 de novembro de 1889, que se achegou como anexo ao informe pericial de D. Justino Guerra Arroyo de 1991.

5. Informe do perito D. Justino Guerra Arroyo, asistido pola enxeñeiro técnico agrícola, D^a M^a Isabel García Domínguez de 18 de marzo de 2013, e cartografía que como anexo achégase á mesma, asinadas polo enxeñeiro técnico D. Javier Cuenca Duyos, vinculado ao concello por un contrato administrativo de servizos.

Segundo.- Facultar ao Alcalde segundo o art. 44.2º da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, para elevar a acta de disconformidade levantada pola Comisión de deslinde do Concello de Poio o 21 de marzo de 2013, xunto co presente acordo e todos os demais antecedentes aos que deberán unirse os informes emitidos polo asesor xurídico da corporación vinculado ao concello por un contrato administrativo de servizos, de data 4 de xuño e 8 de abril de 2013, á Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza.

Terceiro.- Dar conta do acordo aos propietarios afectados.”

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Con data 26 de abril de 2013 ten entrada no Rexistro Xeral do Concello escrito de consideracións formulada por D^a. Carmen Esperón Sertal actuando en representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Salvador de Poio, polo que insta a que a coporación tome como súa para os efectos da remisión á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a liña que propón a referida Comunidade para o tramo comprendido entre os fitos nº 19 a 24, ambos incluídos, por se os que segundo o seu xuízo axústanse en mellor medida á definición que realiza dos mesmos a Acta de deslinde de data 19 de novembro de 1889.

O 29 de abril de 2013 incorpórase ao expediente informe favorable de secretaría en relación aos actos e trámites desenvolvidos en cumprimento do establecido no arts. 42 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e se propón a inadmisión do escrito da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Salvador de Poio, por estar presentado fóra do momento procedimental previsto para tal finalidade no art. 44 da mesma lei e que tivo lugar o 21 de marzo de 2013, sesión na que estivo presente un representante da Comunidade previa notificación da convocatoria, sen que formulase nese acto alegación ningunha, sen perxuízo de que como documento integrante do expediente poda ser remitido igualmente a administración autonómica co resto do expediente formado e o ditame emitido polo asesor xurídico de data 8 de abril de 2013 ao que se refire a proposta ditaminada favorablemente pola Comisión informativa.

Consta no expediente acta número 6 correspondente á sesión da Comisión de Deslinde dos termos municipais de Poio e Pontevedra realizada con data 30 de abril de 2013 no que se somete a estudo ás consideracións formuladas por D^a. Carmen Esperón Sertal e pola secretaria do concello no seu informe de 29 de abril de 2013, da que se da parcial lectura :

“ ...

Respecto da falta de notificación e convocatoria da Comunidade de Montes, a secretaría da conta do informe emitido con data 29 de abril de 2013, no que a partir da documentación obrante no expediente, reflíctese cómo ante a petición de D^a Carmen Esperón Sertal coñecedora de todos os antecedentes pola súa designación como experta en función de auxilio e Presidenta da Comunidade de Montes en Man Común de San Salvador de Poio, verificase co perito novamente a documentación da referida zona de conflito, e con data 20 de marzo de 2013, número rexistro de entrada 1397, preséntase escrito de dita Comunidade polo que anuncian que na sesión do día 21 de marzo de 2013 acudirían representados por D. José Pintos Lodeiro, xirándose notificación practicada o propio día 20 de marzo de 2013, en condición de propietarios afectados.

Así mesmo, no anuncio insertado no BOP nº 52 de 14 de marzo de 2013, incluíuse previsión para que todas aquelas persoas que non tendo sido notificadas, considerárandose propietarios afectados, puidesen persoarse e ter coñecemento da zona de conflito obxeto de deslindamento, para os efectos de da súa válida notificación e convocatoria para a devandita sesión conxunta a realizar por ambas comisións.

En base á convocatoria efectuada, D. José Pintos Lodeiro, acude á sesión conxunta celebrada por ambas comisións o 21 de marzo de 2013, máis no turno concedido aos propietarios afectados, non efectúa alegación ningunha.

Polo que a cuestionada personación no expediente teríase efectuado na súa condición de

propietarios afectados, dende o momento mesmo en que poñen en coñecemento do concello a designación de representante para a sesión convocada para o referido día 21 de marzo de 2013, momento no que se terían que ter presentado ou formulados as alegacións.

Conclúe o informe de 29 de abril de 2013 que procede por tanto acordar a inadmisión do escrito por extemporáneo sen perxuizo de que incorporado ao expediente poda ser remitido xunto cos restantes datos, antecedentes e documentos que terían servido para xustificar a proposta de deslinde, á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

D. Justino Guerra Arroyo toma despois a palabra e sinala que carecendo de informe técnico e polo tanto motivación para rexeitar a liña de deslinde defendida pola Comisión, o único que recolle o escrito presentado o 26 de abril de 2013, é unha transcripción da acta de 1889 en relación aos puntos 19º a 24º e engade:

- Dende o punto 19º a 24º a distancia que expresa a acta é coincidente coa reflectida no seu informe de 18 de marzo de 2013.
- Na acta reitérase que a liña segue sempre o mesmo rumbo.
- O derradeiro tramo pasa polo cauce que leva a auga á fonte do Sr. Bermúdez de Castro sito na antiga capela e ese cauce é coñecido e definido por canto bordea os últimos edificios do polígono industrial.

Coméntase igualmente no seno da comisión que o plano que Carmen Esperón incorpora ao expediente o día 19 de marzo de 2013 non coincide coas manifestacións verbais realizadas o día 18 de marzo de 2013.

Non existindo mellor xustificación ou motivación documental para rectificar o criterio técnico que recolle o informe de 18 de marzo de 2013 a parir dos mesmos puntos da Acta de deslinde de 1889, a comisión por unanimidade acordou:

Primeiro.- Seguir as consideracións realizadas no informe de secretaría de 29 de abril de 2013, propoñendo a inadmisión do escrito asinado con data 25 de marzo de 2013 por extemporáneo, mantendo a proposta formulada o día 19 de marzo de 2013, ratificada na sesión á que se refire o art. 44 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, reflectida na acta que de disconformidade foi levantada ese mesmo día pola comisión de deslinde do concello de Poio, carecendo o escrito presentado pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Salvador o 26 de abril de 2013, de mellor motivación ou xustificación para levar a cabo distinta interpretación dos puntos 19º a 24º da acta de deslinde de 1889, debendo darse traslado do mesmo á administración autonómica como parte integrante do expediente.

...”.

A secretaria presente na sesión comenta aos asistentes a conveniencia (aos efectos de facilitar a comprensión do acordo que se adopte), de utilizar sempre como referencia os puntos de liña de deslinde que constan no informe pericial de 18 de marzo de 2013 e as equivalencias cos puntos da Acta de deslinde de 1889, entre paréntesis.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de abril de 2013, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Inadmitir o escrito asinado con data 25 de abril de 2013 por extemporáneo, mantendo a proposta formulada o día 19 de marzo de 2013, ratificada na sesión á que se refire o artigo 44 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia refletida na acta que de desconformidade foi levantada ese mesmo día pola comisión de deslinde do Concello de Poio, carecendo o escrito presentado pola Comunidade de Montes Veciñais en man Común de San Salvador o 26 de abril de 2013, de mellor motivación ou xustificación para levar a cabo distinta interpretación dos puntos 15º a 17º do informe pericial (puntos19º a 24º da Acta de deslinde de 1889), debendo darse traslado do mesmo á administración autonómica como parte integrante do expediente.

Segundo: Prestar aprobación ao acordo adoptado pola Comisión de deslinde do Concello de Poio de 19 de marzo de 2013, e por tanto, ao posteriormente reflectido na acta levantada pola mesma Comisión o 21 de marzo de 2013 de desconformidade coa Comisión de deslinde do Concello de Pontevedra, na fixación dos límites dos termos municipais de Poio e Pontevedra, e así:

- O deslinde deberá rexerse pola acta de deslinde que os Concellos de Poio e Pontevedra asinaron con data 19 de novembro de 1889, por ser a única que subscribiron voluntaria e de común acordo ambas entidades locais, e desta forma:

- O límite de liña entre ambos termos municipais é a que reflicte no seu informe de 18 de marzo de 2013, o perito designado polo Concello de Poio, D. Justino Guerra Arroyo, asistido pola enxeñeiro técnico agrícola, D^a M^a Isabel García Domínguez, e cartografía que como anexo achégase ao mesmo, asinada por D. Javier Cuenca Duyos, vinculado ao concello por un contrato administrativo de servizos. Informe ao que prestou conformidade no ámbito do seu coñecer, puntos 1º a 15º por ser éste último o que delimita as parroquias de San Xoán e San Salvador, D. José Rodríguez Couselo, experto nomeado pola Comisión de Deslinde do Concello de Poio; e de forma parcial, puntos 17º a 22º do informe pericial (puntos 24º a 26º da Acta de deslinde do 19 de novembro de 1889), a igualmente experta no ámbito do seu xuízo, D^a Carmen Esperón Sertal. Dito informe recoñece como límite de liña os puntos seguintes en coordenadas UTM 29N DATUM 50:

“ ...

1º.- Iniciamos el deslinde en un piedra que tiene un hierro clavado Cruz de Piedra, situado al Nor-Oeste del hito o vértice geodésico existente y a unos 110 m. del mismo; siendo las coordenadas del punto.

X.- 524695,45 Y.-4.703.528,67

Y las coordenadas de Vértice Geodésico

X.- 524.798,25 Y.- 4.703337,81

2º.- A la distancia de 340 m. en línea recta situamos este punto en la esquina que define una finca de la Comunidad de Meis cuyo cortafuego es muy definido, siendo sus coordenadas

X.- 524.979,09 Y.- 4.703.382,03

3º.- A 405 m. del punto anterior fin del lindero Sur de la anterior finca de Meis situamos este punto con coordenadas

X.- 525.636,09 Y.- 4.703.251,22

4º.- Cambiando de rumbo en dirección Sur y a 103 m entre las casetas del repetidor emisora de Taelpo se situó este punto en un piedra con dos cruces. Coordenadas

X.- 525.369,69 Y.- 4.703.145,91

5°.- En dirección Sur a 230 m. se sitúa este puntos en unas piedras en el Otero del alto del Castrove coincidente con el delimitado por el Instituto Geográfico en 1.947 Coordenadas

X.-525.334,70 Y.- 4.702.894,25

6°.- Desde el anterior vamos a la Piedra dos Cabalos, también conocido como Outeiro dos Corvos situado a unos m., de las casetas o punto 4; este punto lo manifiesta el presidente de Campañó pero lo deniegan los de San Juan; según el acta de 1.889 la línea no hace fuertes quiebros, tampoco se manifiesta este quiebro en el deslinde realizado por el Instituto Geográfico por lo que solamente se señala el punto como punto auxiliar; es una piedra de grandes dimensiones donde no se aprecia ninguna señal, con coordenadas

X.-525.379,47 Y.- 4.702.614,86

7°.- A 265m. del punto 5° nos desplazamos a un grupo de piedras denominadas Retacoba donde situamos el punto con coordenadas

X.- 525.582,29 Y.- 4.702.729,99

8°.- De las piedras de Retacoba nos trasladamos al Outeiro de Picón de dicho Outeiro I hay dos opiniones puesto que hay dos grupos de piedras separadas unos 90 m, tomamos la que nos manifiesta un vecino de Poio que coincide además con el deslinde del Geográfico de 1.947; este punto está a 625 m en línea recta del punto anterior. En este punto se inicia el deslinde parroquial de 1.763. Coordenadas

X.- 526.129,90 Y.- 4.702.429,35

9°.- Desde el Outeiro de Picón y en línea recta nos desplazamos hasta la carretera de Campañó situando el punto en el vértice Sur-Oeste del depósito existente, este punto dista del anterior 695 m.; entre ambos puntos se mencionó otro intermedio denominado Canle Do Foxo donde al parecer existía una piedra con una marca que no localizamos. Coordenadas del punto 9

X.- 526.592,51 Y.- 4.701.909,58

10°.- Nos trasladamos a un punto denominado Novaliño o Pozo do Porto Cabaleiro, sito en la carretera que une el Cabaleiro con Vilariño, pasando la divisoria, justo por la casa de D. Cándido Casas Barral, identificada en el Catastro de Poio, como la parcela 1.841 del polígono 34; según el Catastro, esta finca con vivienda está en Poio, sin embargo el permiso de obras, fue dado por el Ayuntamiento de Pontevedra y según la divisoria que trazamos efectivamente la casa está en dicho ayuntamiento. El punto se encuentra a 644 m. de la esquina del depósito anterior. Coordenadas

X.- 527.028,99 Y.-4.701.441,00

11°.- Desde Novaliño atravesamos un monte del lugar de Porto y el alto de Campañó llegando como punto más definido a la carretera antigua de Campañó a Poio y el nuevo vial existente Vía rápida VG4.1 que vine del Cruce de Alba y la Carretera de Pontevedra a Sanxenxo, colocando el punto, en el muro que divide una propiedad sita entre ambas carreteras y situada a unos 70 m al Oeste del depósito de Butano. Entre los puntos 10 y 11, existen según los informadores, otros dos puntos intermedios del deslinde en el monte que llaman Porto y Alto de Campañó, pero al no localizarlos, pues solamente se encontró una piedra tirada, que pudiera ser el marco, pero al no ser significativa se anuló, por lo que prudentemente se unen en una recta, ambos puntos situados a 600 m. Coordenadas del punto

X.- 527378,19 Y.- 4.700.959,39

12°.- Del anterior punto, y con alineación sensiblemente recta, con los puntos anteriores, atravesamos el monte de Galdrachan, hasta la Cantera de Perico o Pinar do Rei, intermedio encontramos otro

marco tumbado y fuera de sitio, el cual tiene unas iniciales PI 9 y en otro lado PI, tampoco se posiciona por no ser seguro su emplazamiento, entre ambos puntos hay una distancia de 570 m.

Coordenadas del punto 12

X.- 527.740,80 Y.- 4.700.519,22

13°.- La divisoria sigue hasta la Piedra de La Campana, gran roca con una cruz en ella, existiendo otra cruz en una roca inferior, junto a la misma; esta roca coincide con el punto 26 del deslinde de 1.948.

Coordenadas

X.- 527.794,52 Y.- 4.700.318,87

14°.- A 189 m de la Roca da Campaña está el punto denominado Montecelo en dirección Sur y se sitúa en otra piedra en lo alto del otero, esa piedra tiene gravada una cruz y al lado otra piedra donde pone Campañó con pintura amarilla. Coordenadas

X.- 527.830,25 Y.- 4.700.139,00

15°.- Punto denominado Tombo do Marco e Marco do Coto, punto equivalente al nº 19 del acta de deslinde de 1889 a 670 m. del anterior en la esquina Sur-Este de una finca grande pues tiene 5,4 Has., identificada como la finca 1.052, del polígono 35 de Poio, Esta piedra tiene 1,10 de alto con inscripción en tres lados PG-PP – Campañó. También coincide este punto con el señalado en el acta de 1763. Sus Coordenadas

X.- 528.084,89 Y.- 4.699.526,36

16°.- Desde el anterior, nos dirigimos a la fuente y lavadero situado en la carretera que de la Caeira va a la de Villagarcía en el Bao, esta línea pasa sobre una construcción que es el Centro Social del Bao y situada encima del lavadero y fuente allí existente, la línea hace un ligero arco cóncavo hacia Poio, la distancia en línea recta hasta el punto 15 es de 661 m..Coordenadas

X.- 528.707.48 Y.-4.699.293,44

17°.- Situado este punto en una normal de 6.0 m al Sur de la antigua capilla o santuario de la finca del Bao (coincidente con el punto 24 del deslinde de 1889) pasando la divisoria por el cauce que define el Sur del polígono industrial allí existente la distancia entre lavadero y esquina de la capilla es de 130 m. Coordenadas

X.- 528.837,26 Y.- 4.699.301,94

18°.- En la misma dirección y a 56 m hasta un camino de Poio a la antigua junquera Coordenadas

X.- 528.889,63 Y.- 4.699.300,63

19°.- A 56 m se sitúa el punto 19 coincidente con el punto 25 del deslinde del 38. Coordenadas

X.- 528.929,85 Y.-4.699.270,57

20°.- Este punto, ya no es reconocible en el terreno puesto que por diversas actuaciones administrativas, se ha variado totalmente la topografía del terreno entre carreteras, autopista y rellenos, por lo que se considera debe reflejarse lo que se manifiesta en el informe realizado en 1.993, que nos adentramos en unas parcelas denominadas Agros da Riveira hoy desaparecidas, situadas aproximadamente al norte de la rotonda de la carretera a Villagarcía siendo la distancia en línea recta desde el punto anterior de 110 m y las coordenadas

X.- 529.003,49 Y.- 4.699.353,00

21º.- Desde la anterior, atravesando la Autopista y a unos 118 m. se sitúa otro punto, junto a un camino actual que va al puente denominado de las cabras. Coordenadas

X.- 529.121,43 Y.-4.699.318,62

22º.- Por último, la alineación va al puente de las corrientes, situado sobre la antigua Piedra Pinela a 714 m del anterior Desde este punto la divisoria de acuerdo con el acta de 1889 pasa al centro de la Ría hasta el lugar de Estrivela....”.

• Para os efectos de xustificar o seu parecer, o Pleno do Concello de Poio, achega o como documentación que se une ao presente acordo:

1. Acta de deslinde entre os termos municipais de Poio e Pontevedra de 19 de novembro de 1889.
2. Traballos topográficos do Instituto Xeográfico de 1947.
3. Acta de delimitación das parroquias de 1763, realizada polo párroco de Campañó e Prior do Monasterio de San Xoán de Poio
4. Informe pericial asinado polo perito D. Justino Guerra Arroyo de 8 de marzo de 1991 ao que se une como Anexos:

– Plano realizado pola Compañía executora do ferrocarril Pontevedra-Carril no ano 1899 baixo a denominación "CROQUIS DE LOS CAMINOS, VEREDAS Y SENDAS INTERCEPTADOS POR EL FERROCARRIL DE PONTEVEDRA A CARRIL EN EL TERMINO MUNICIPAL DE POIO"

- Certificación do Rexistro da Propiedade nº 1 de Pontevedra de 17 de xaneiro de 1991. das fincas "LA CAEIRA", "CERÁMICA DE LA CAEIRA" y del "PARQUE Y TALLERES DE RECUPERACIÓN DEL EJÉRCITO".

– Estudo de D. Sebastián González García-Paz, con fotografías e copias dos documentos orixinais do Arquivo de Simancas.

- Plano do 1896 do enxeñeiro D. León Domercq, do proxecto de estrada da Ponte do Burgo ao da Barca.

– Fotografías Aéreas antigas e actuais da Xunqueira do Vao.

– Cartel editado polo Concello de Pontevedra sobre un dos debuxos do estudo realizado por D. Sebastián González García-Paz.

– Plano da zona de O Vao entre os puntos 24 a 28 do acta de deslinde de 19 de novembro de 1889, que se achegou como anexo ao informe pericial de D. Justino Guerra Arroyo de 1991.

5. Informe do perito D. Justino Guerra Arroyo, asistido pola enxeñeiro técnico agrícola, D^a M^a Isabel García Domínguez de 18 de marzo de 2013, e cartografía que como anexo achégase á mesma, asinadas polo enxeñeiro técnico D. Javier Cuenca Duyos, vinculado ao concello por un contrato administrativo de servizos.

Terceiro.- Facultar ao Alcalde segundo o art. 44.2º da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, para elevar a acta de disconformidade levantada pola Comisión de deslinde do Concello de Poio o 21 de marzo de 2013, xunto co presente acordo e todos os demais antecedentes, aos que deberán unirse os informes emitidos polo asesor xurídico da corporación vinculado ao concello por un contrato administrativo de servizos, de data 4 de xuño e 8 de abril de 2013, á Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza e o escrito de consideracións presentado pola Presidenta da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Salvador, o 26 de abril de 2013.

Cuarto.- Dar conta do acordo aos propietarios afectados.

3808.- INTERVENCIÓN, INFORME CUMPRIMENTO LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE. 1º TRIMESTRE 2013.- Dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e Tesourería Municipal e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de abril de 2013 que di o seguinte: “Dáse conta do informe de Intervención de data 9 de abril de 2013 en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade.

Por parte da interventora municipal dáse conta do contido do expediente manifestando que se presenta en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, que entrou en vigor o día 7 de xullo de 2010: o apartado primeiro trata sobre a relación de facturas polas cales transcorreron mais de 3 meses da súa anotación no rexistro contable (tomando como data de inicio do cómputo de data a finalización do 1º trimestre do exercicio 2013 (31 de marzo), é dicir que fosen rexistradas antes do 1 de xaneiro de 2013, sen que se procedese a levar a cabo o expediente de recoñecemento de obrigas no día da data, infórmase que non existen facturas pendentes de contabilizar.

En conclusión, segundo o informe que se xunta, as facturas aprobadas pero que se atopan a 31 de marzo de 2013 pendentes de abono por un prazo superior a 30 días dende a data de rexistro contable, ascendían a 54 facturas e a unha cantidade total de 664.674,84 euros, e as pendentes de pago dentro do prazo de pago de 30 días ascendían a 76 facturas e a unha cantidade total de 94.628,83 €.

No día de emisión do informe da Intervención-Tesourería Municipais, do 9 de abril de 2013, o importe das facturas aprobadas pendentes de pago se reduxo significativamente a 287.368,23 euros en virtude dos pagos realizados nos nove primeiros días do presente mes.

Ademais os pagos realizados no primeiro trimestre do exercicio 2013 dentro do período legal de pago ascendían, a 31 de marzo de 2013, a un total de 255 facturas e a unha cantidade total de 143.328,10 euros e os pagos realizados fóra do período legal de pago ascendían, a 31 de marzo, a un total de 710 facturas e a unha cantidade total de 1.191.938,08 euros.

Do informe deberá darse conta ao Pleno da Corporación así como aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

A Comisión dáse por enterada.”

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación dáse por enterada.

3809.- ADHESIÓN AO CONVENIO DE DESAFIUZAMENTOS ASINADO O 8 DE ABRIL DE 2013 ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais sométese a votación a inclusión do presente asunto na orde do día por non ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha, esta queda aprobada polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

A continuación pola Secretaria presente na sesión dáse conta do escrito de data 9 de abril de 2013 remitido pola Federación Galega de Municipios e Provincias en relación ao Convenio asinado entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia e a FEGAMP en relación coa detección de supostos de vulnerabilidade con ocasión do lanzamento de vivenda unifamiliar e medidas de carácter social, derivado da execucións hipotecarias ou impago de rendas, solicitando a adhesión do Concello ao mesmo, cuxo obxectivo fundamental é establecer un protocolo de actuación en casos de desafuzamentos.

Consta no expediente informe emitido con data 26 de abril de 2013 pola Secretaria Xeral do Concello.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros acorda prestar a aprobación a proposta realizada adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Adherirse ao Convenio de Colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias sobre a detección de supostos de vulnerabilidade con ocasión do lanzamento de vivenda unifamiliar e medidas de carácter social asinado con data 08 de abril de 2013.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á FEGAMP e ao Servizo de Benestar Social do Concello de Poio.

3810.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO NÚM. 2/2013.- Dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e Tesourería Municipal e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de abril de 2013 que di o seguinte: “Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 10 de abril de 2013 na que se propón o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 2 do exercicio que consta de facturas correspondentes aos exercicios 2011 e 2012 as cales non foron presentadas no Concello ata o mes de febreiro, marzo e abril de 2013, aínda que pertencen a servizos prestados nos exercicios 2011 e 2012 e que ascenden a un total de 993,40 euros e do informe de reparo da Intervención Municipal de data 10 de abril de 2013.

A interventora municipal explica o contido do expediente indicando a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos pola existencia de facturas correspondentes a exercicios anteriores as cales non foron obxecto de aprobación nos mencionados exercicios por ter entrada no rexistro de facturas do exercicio 2013.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe, de data 10 de abril. 2º) Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente por importe total de 993.40 euros e 3º) Aplicar con cargo ao orzamento do exercicio 2013, os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.”

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 4 abstencións do PP aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe, de data 10 de abril de 2013.

Segundo: Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente por importe total de 993,40 euros.

Terceiro: Aplicar con cargo ao orzamento do exercicio 2013, os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.

3811.- URBANISMO, SOLICITUDE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) PRESENTADA POR MC.C.U, EXP.375/2012.- Dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e Tesourería Municipal e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de abril de 2013 que di o seguinte: “Dáse conta o expediente tramitado a instancia de D^a MC.C.U., expte. núm. 375/2012 consistente en “Cambio de tella na cuberta dun alboio en Rúa Laxe núm. 23 de Combarro”, mediante instancia presentada no Rexistro Xeral do Concello de Poio o día 4 de decembro de 2012, solicitando a exención do 95% da cota do ICIO segundo o establecido no artigo 4.5 d) da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e que se lle devolva o que corresponda.

Consta no expediente informe favorable da interventora municipal de data 1 de abril de 2013.

A Comisión por unanimidade, de conformidade có sinalado no indicado precepto, acordou ditaminar favorablemente a declaración de especial interese as obras correspondentes a dito expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 375/2012, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro e a aprobación da bonificación do 95% na cota do ICIO devengada. ”.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación polo voto favorable dis 14 membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a declaración de especial interese as obras correspondentes a dito expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 375/2012, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro.

Segundo: Aprobar a bonificación do 95% na cota do ICIO devengada.

Terceiro: Notificar o presente acordo á solicitante con indicación dos recursos que procedan en dereito.

Neste momento entra no Salón de Sesiós o Concelleiro D. Javier Domínguez Lino.

3812.- TESOURERÍA, ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN DE INTERCAMBIO AEAT-FEMP EN MATERIA DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN TRIBUTARIA E COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADATORIA.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de abril de 2013 que di o seguinte: “Dáse conta da Proposta de Xulio Barreiro Lubián, Presidente da Comisión de Facenda, Gobernación e Contas de data 8 de abril de 2013, sobre a posta en marcha do Convenio de colaboración en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadadora coas entidades locais entre a Axencia Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias que supón unha vantaxe de cara á recadación executiva, sobre todo en materia de multas por infraccións da ordenanza de circulación, nas que arredor do 70% son persoas censadas noutros municipios coas dificultades que supón o seu cobro.

Ademais, coa sinatura deste convenio poderíase contar con información económica de gran interese de

cara ao cobro de impostos e taxas como pode ser o censo de contribuíntes e información sobre depósitos bancarios, participacións en fondos de investimentos ou de patrimonio, entre outros, dentro dos contribuíntes que pertencen ao ámbito territorial do Concello de Poio.

Por outra parte, o Concello de Poio, comprometeríase a facilitar información relativa ao Padrón municipal de habitantes e información de carácter urbanístico.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propón ao Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legais procedentes.”.

Con posterioridade á realización da Comisión Informativa de Facenda incorporouse ao expediente informe xurídico emitido pola Secretaria Xeral de data 07 de maio de 2013, ao que fai referencia na sesión poñendo de manifesto que na sesión plenaria de data 19 de agosto de 2011 aprobouse un convenio coa Axencia Tributaria pero que non se chegou a formalizar.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a Adhesión íntegra ao Convenio suscrito entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadadora coas entidades locais.

Segundo: Comunicar o presente acordo á Federación Española de Municipios e Provincias.

3813.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN E ROTULACIÓN DE VÍAS EN RÚA VILARIÑO NO LUGAR DE VILARIÑO.- Dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e Tesourería Municipal e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de abril de 2013 que di o seguinte: “Dáse conta de que, no período de información pública polo prazo de 20 días hábiles para que os/as interesados/as no expediente formulen alegacións que estimen oportunas, presentáronse dúas reclamacións: 1ª) Reclamación de Dª Mª Soledad Luisa Estévez Domínguez, presentada o día 11 de marzo de 2013 na que solicita que a proposta de nome do vial “Camiño O Pedregal” se cambie a “Rúa O Pedregal”.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou desestimar dita alegación xa que salvo Rúa Vilariño, que xa existía, todas as novas denominacións son de “Camiños” e non hai máis “Rúas”.

2ª) Reclamación presentada o día 13 de marzo de 2013 e asinada por 39 veciños de Vilariño no que solicitan o cambio da nova denominación de “Praza Vilariño” e que pase a denominarse “Praza do Souto” xa que é tal como a coñecen os veciños desde os antepasados ata o día de hoxe.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou estimar dita alegación modificando a proposta pasando a “Praza de Vilariño” a denominarse “Praza do Souto”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 5 abstencións do PP aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Desestimar a reclamación de Dª Mª Soledad Luisa Estévez Domínguez, presentada o día 11 de marzo de 2013 na que solicita que a proposta de nome do vial “Camiño O Pedregal” se cambie a “Rúa O Pedregal”.

Segundo: Estimar a reclamación presentada o día 13 de marzo de 2013 e asinada por 39 veciños de Vilariño no que solicitan o cambio da nova denominación de “Praza Vilariño” e que pase a denominarse “Praza do Souto” xa que é tal como a coñecen os veciños desde os antepasados ata o día de hoxe.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos interesados con indicación dos recursos que procedan.

3814.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN E ROTULACIÓN DE VÍAS EN CAMIÑO OS CHANS NO LUGAR DE ARÍS.- Dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e Tesourería Municipal e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de abril de 2013 que di o seguinte: “Dáse conta de que, no período de información pública polo prazo de 20 días hábiles para que os/as interesados/as no expediente formulen alegacións que estimen oportunas, presentouse unha reclamación de D^a Vidolina Franco Quintillán, o día 12 de marzo de 2013 na que solicita que a proposta de nome do vial “Camiño Longra” se cambie pola outra denominación proposta que era “Camiño Foxos”.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou desestimar dita alegación xa que segundo a información recabada no Catastro a maior parte das fincas desa zona denominarse “Longra”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 5 abstencións do PP aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Desestimar a reclamación de D^a. Vidolina Franco Quintillán, presentada o día 12 de marzo de 2013 na que solicita que a proposta de nome do vial “Camiño Longra” se cambie a “camiño Foxos” xa que segundo a información recabada no Catastro a maior parte das fincas desa zona denominarse “Longra.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos interesados con indicación dos recursos que procedan.

3815.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO AOS AFECTADOS POLAS PREFERENTES E SUBORDINADAS.- Pola secretaria presente na sesión procedese a dar lectura ao texto da Declaración Institucional de apoio aos afectados/as polas participacións preferentes e subordinadas de data 03 de maio de 2013 e que di o seguinte: “DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO AOS AFECTADOS/AS POLAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E SUBORDINADAS

O Concello de Poio quere poñer de manifesto o fraude colectivo que supón o espolio do aforro dos galegos e das galegas, vítimas dunha estratexia agresiva dos directivos das entidades para capitalizarse que colocaron produtos financeiros tóxicos mediante fraude, ocultación de información e abuso de confianza.

A aprobación do Real decreto-lei 6/2013, de 22 de marzo, de protección a titulares de determinados produtos de aforro e investimento de carácter financeiro, autoriza e regula definitivamente o procedemento para facer efectiva a quitación das participacións preferentes e subordinadas e o posterior cambio en accións de nula solvencia, en vez de adoptar medidas para recuperar o 100% do diñeiro depositado nestes produtos financeiros, toda vez que se recoñeceu e se demostrou a súa colocación con engano e á mantenta en Galiza entre decenas de miles de persoas aforradoras e pequenas investidoras sen formación nin experiencia financeira.

Serán, pois, máis de 600 millóns de euros de aforros galegos que desaparecerán do noso país en canto se consume este roubo individual ás persoas directamente afectadas e a Galiza no seu conxunto.

Esta é unha realidade que, por desgraza, coñecen moi ben centos de familias de Poio que levan ano e medio de loita e outras moitas que aínda veñen de saber que están afectadas por esta fraude cando se lles

comunicou nas últimas dúas semanas a aprobación da quitación.

Este atentado contra aforradores e aforradoras supón un grave prexuízo individual e colectivo para a nosa economía, pois elimina a posibilidade de que unha parte substancial desas cantidades acabe por significar investimentos no propio concello que poderían axudar ás pequenas economías locais en tempos de crise.

Polo anteriormente exposto, os tres grupos municipais do Concello de Poio, BNG, PP e PSOE solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción unánime dos seguintes ACORDOS:

1º.- Rexeitar as políticas do Goberno central contrarias aos intereses de milleiros de familias afectadas pola fraude das participacións preferentes e subordinadas que asisten á legalización do roubo dos seus aforros a través da imposición dunha quita e da imposición dun troco obrigatorio por accións de nula solvencia.

2º.- Exixir a derogación do Real decreto-lei 6/2013 e de todas as leis e medidas que teñen como obxecto lexitimar a fraude das participacións preferentes e subordinadas.

3º.- Reclamar a devolución íntegra das cantidades que as persoas aforradoras depositaron sen recibiren información adecuada do produto que adquirirían.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou a declaración institucional nos seus propios membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Rexeitar as políticas do Goberno central contrarias aos intereses de milleiros de familias afectadas pola fraude das participacións preferentes e subordinadas que asisten á legalización do roubo dos seus aforros a través da imposición dunha quita e da imposición dun troco obrigatorio por accións de nula solvencia.

Segundo: Exixir a derogación do Real decreto-lei 6/2013 e de todas as leis e medidas que teñen como obxecto lexitimar a fraude das participacións preferentes e subordinadas.

Terceiro: Reclamar a devolución íntegra das cantidades que as persoas aforradoras depositaron sen recibiren información adecuada do produto que adquirirían.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás catorce horas e trinta e un minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria xeral, dou fe.